



ROGO SOBRE O ESTUDO DA SITUACIÓN DE VARIOS PASOS DE PEÓNS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estudo e planificación dos pasos de peóns debe ser motivo de permanente atención por parte da Administración local tendo en conta a súa importancia para a seguridade e a axilidade da mobilidade cidadá e a necesidade dunha constante atención ás transformación urbanísticas e aos fluxos naturais do tránsito de persoas e vehículos nas diferentes zonas.

Desde o Grupo Municipal Popular temos recibido nos últimos meses distintas solicitudes de veciños e veciñas en relación coa situación de varios pasos de peóns existentes en varias zonas cidade nos que se cuestiona a súa comodidade e a súa adecuación para o tránsito habitual das persoas, mentres se apuntan alternativas que mellorarían a súa funcionalidade.

Entre estas zonas atópase o acceso principal á estación ferroviaria desde a rúa do Hórreo, onde é moi frecuente observar como un bo número de persoas cruzan a calzada entre o acceso ás escaleiras de acceso á explanada e a rúa Manuel Murguía para acurtar o traxecto, desbotando os pasos habilitados e expoñéndose a un posible atropelo.

Outra zona é a correspondente á rúa do Castiñeiriño, entre a glorieta sobre a SC-11 e a autoestrada AP-9 onde se cuestiona a colocación dalgún paso existente e se bota en falta algún necesario como consecuencia das necesidades de mobilidade nas novas áreas urbanizadas nese contorno.

Por último, temos recibido queixas sobre a situación de perigo que entrañan dous pasos nas proximidades dun tramo curvo con escasa visibilidade no tramo final da Avenida de Coímbra nas proximidades da súa confluencia coa Avenida Xoán XXIII.

A vista destas peticións, formulamos o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal, e no marco da planificación para a mellora da seguridade nos pasos de peóns existentes no Concello, se teñan en conta as situacións descritas en relación coa rúa do Hórreo, da rúa do Castiñeiriño e da Avenida de Coímbra, para tratar de mellorar as condicións de mobilidade peonil coa maior seguridade e comodidade.

Santiago de Compostela, a 6 de novembro de 2017

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela